O crecemeento do automóbil en detrimento do transporte por autobús e ferrocarril, como factor decisorio no deseño da mobilidade co descoido do transporte público e social, do uso peonil do espazo urbano. Fragmentan a cidade, illan o contorno urbano, facendo máis difícil a vida cotiá das e dos habitantes, axudando así á ampliación da brecha entre persoas ricas e pobres, na cidade e no campo.

As cidades fragméntanse, entre as e os usuarios e non entre as e os consumidores e non entre as persoas integradas excluídas. Os barrios disolvéronse, non hai máis identidade de barrio, distanciáronse uns dos outros, non hai solidariedade e o uso do espazo urbano faise máis impersoal, individual, como se a cidade non fora de todas todos.

A vivenda só para quen poida pagala e *separada* da vida diaria das persoas, cada vez más alleos aos seus traballos, as súas actividades sociais.

A filosofía de poñer recursos públicos en mans privadas encontrámola no **mercado da Auga e da Enerxía, baseado en transaccións entre particulares.** Desaténdense aqueles aspectos da xestión do dominio público hidráulico sen rendibilidade económica, como o control dos vertidos, a mellora ambiental de *marxes* y ribeiras, etc., aspectos esenciais do contido ambiental.

Ténsese a un escenario no que terá auga quen poida pagala, educación quen poida pagala, boa saúde, pensión suficiente, vivenda, etc… quen poida pagalas.

As actuais políticas negan os nosos dereitos sociais, convirtíndoos en retórica. A erradicación da exclusión social, a pobreza… foron trasladadasao "mercado libre", transformando a súa natureza: de necesidades sociais que hai que cubrir universal e suficientemente, pasamos a servizos, e quen os usa debe ter capacidade económica para sufragalos.

A vida entendida de forma colectiva é unha cuestión de solidariedade entre grupos sociais, territorios e xeracións. Quen non entende a solidariedade baixo estes parámetros, confunde intencionadamente, o benestar social de todas e todos, co benestar privado que cada un poida pagarse.

CGT POLA DEFENSA DOS SERVIZOS PÚBLICOS COMO DEREITOS SOCIAIS SUFICIENTES PARA TODAS E TODOS.

CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

www.cgtgalicia.org www.rojoynegro.info

LOITA CONTRA A DESTRUCIÓN DO PÚBLICO

EDUCACIÓN PRESTACIÓNS SANIDADE TRANSPORTES AUGA DEPENDENCIA

MOBILÍZATE

CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

www.cgtgalicia.org www.rojoynegro.info

OS SERVIZOS PÚBLICOS E O FUTURO INCERTO.

Desde a crise dos 70 a niveis europeos e desde a década dos 80 a niveis do estado español, levamos demasiados anos contemplando como os servizos esenciais para a comunidade e as empresas públicas, as que prestaban parte destes servicios *- patrimonio de toda a sociedade -*, eran convertidos en negocio e a maioría expropiados.

Directamente empresas multinacionais ou os distintos gobernos transfiren o público á voracidade do mercado en nome da "eficacia" e do "ben común", expoliando dereitos das persoas, esenciais para a vida: a saúde, o ensino público, a educación superior, a enerxía, os transportes, a comunicación e, en parte, os sistemas públicos de Seguridade Social en capítulos tan esenciais como As Pensións.

¿POR QUÉ O TRANSPORTE, A SANIDADE, A EDUCACIÓN, OS COIDADOS, A CULTURA, A AUGA, O GAS, A ELECTRICIDADE, O ESPAZO, O SOLO, SON PÚBLICOS?

- Porque as persoas **temos necesidades** desde que nacemos: de ser coidadas na infancia, cando sufrimos dependencia; de educarnos e adquirir coñecementos para pensar e actuar como persoas con autonomía, de que a nosa saúde sexa boa e adecuada, de poder dispoñer e utilizar dos medios esenciais para a vida: alimentos, enerxía, auga, vivendas, de ter transportes para relacionarnos cos e coas demais, trasladarnos aos traballos, de ter pensións adecuadas suficientes cando remata a nosa vida laboral, de ter prestacións sociais suficientes nos casos de desemprego, invalidez…

Esta é a LÓXICA DO PÚBLICO: o seu obxectivo é a satisfacción de necesidades sociais e estas son universais, aféctannos a todas e a todos ao longo da nosa vida. Non son económicos.

- **Búscase a protección social en situacións de necesidade: e redistribúese a riqueza que entre todas as persoas creamos,** para que todas as persoas teñan acceso a dereitos esenciais para unha vida digna, dun xeito igualitario.

- **Non existe un interese privado, particular,** senón colectivo porque todas as persoas temos as mesmas necesidades e, ninguén debe lucrarse ou apropiarse de xeito egoísta do que é de toda a cidadanía.

- **As prestacións públicas son cubertas cos recursos que producimos entre todas** as persoas a través dos nosos contratos de traballo, dos impostos, das rendas. Todos temos que contribuír, quen máis gaña máis aporta. A sociedade exercita a solidariedade.

- **A xestión destes servizos públicos non se rexe polo principio de rendabilidade económica,** senón por principios de reparto necesario e suficiente, para cubrir necesidades sociais.

¿POR QUÉ A CLASE POLÍTICA QUERE PRIVATIZAR AS NOSAS NECESIDADES SOCIAIS E BUSCAR O LUCRO E O BENEFICIO PRIVADO DUNHAS E DUNS CANTOS (EMPRESARIADO, FINANCEIRAS, ASEGURADORAS), CANDO A SÚA OBRIGA POLÍTICA É DEFENDER O INTERÉS XERAL?

- A LÓXICA DO PRIVADO só busca un interese económico particular sen importarlles as necesidades da maioría da sociedade.

- Búscase a rendibilidade, o negocio para os e as accionistas e as e os xestores coas regras da competitividade, a produtividade, sen importar as consecuencias sobre as necesidades sociais.

- Os elementos que se valoran son exclusivamente económicos e as decisións deslíganse das persoas.

As persoas temos que recibir estes servizos como dereitos da cidadanía. Agora pretenden convertelos en mercadorías que teríamos que mercar e onde as persoas de baixos recursos (a maioría) no teremos acceso a eles.

A apropiación xeral dos espazos públicos, do territorio e do medio.

A privatización exércese nas rúas e nos últimos espazos verdes da cidade: os centros comerciais apropíanse de zonas de espazo público e contitúense en áreas privadas, para que a cidadanía exerza a súa única libertade, a de mercar e consumir.

As megas estruturas urbanas (autovías, túneles, aparcamentos), os megaproxectos residenciais, as torres comerciais, a recuperación das zonas céntricas polo capital privado para a especulación urbanística, contribuíron á fragmentación social, á exclusión do patrimonio colectivo, á imposición dunha nova cultura. A cidade estrutúrase desde a competitividade.